

## TEMA 9-10-11 CUENTAS ANUALES, ANÁLISIS ESTADOS FINANCIEROS

### XUÑO 2004

6.- Os datos patrimoniais dunha empresa a 31 de decembro son os seguintes (en euros): edificios 70.000; maquinaria 28.000; clientes 5.000; bancos 2.000; mercadorías 4.000; débedas a longo prazo con entidades de crédito 25.000; amortización acumulada do inmovilizado material 6.000; provedores 23.000; clientes, efectos comerciais a cobrar 4.000; perdas e ganancias 25.000; reservas 9.000.

Pídese: a) Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais e calcular a cifra de capital (1 pto). b) Calcular o Fondo de Manobra e interpretar o resultado (1 pto). c) Calcular o ratio de inmovilizado ( $RI = \text{Activo fixo} / \text{Pasivo Fixo}$ ) (0, 5 pts).

### SETEMBRO 2004

6.- A empresa La flor SA ten un activo de 80.000 euros, uns fondos propios de 36.000 euros, e obtivo durante o exercicio un beneficio antes de intereses e impostos de 7.200 euros, pagou impostos por 2.160 euros e pagou de intereses 1.540 euros. ( $R1 = \text{Beneficios antes de intereses e impostos} / \text{Activo total}$ ;  $R2 = \text{Beneficio neto} / \text{Fondos propios}$ ).

Pídese: a) Calcular a rendibilidade económica (1 pto). b) Calcular a rendibilidade financeira (1 pto). c) Interpretar os resultados obtidos (0,5 pts).

### XUÑO 2005

6.- A empresa CASA, S.A., que se adica á comercialización de artigos para o fogar presenta a 31 de decembro de 2004 os seguintes saldos para as contas que afectan ós resultados (expresados en u.m.): Compras de mercadorías, 18.000; Ventas de mercadorías, 62.500; Intereses cobrados pola posesión de activos financeiros, 12.500; Gastos de aluguer 8.000; Gastos de publicidade, 1.200; Intereses pagados ó banco por descontos de efectos, 15.000; beneficios procedentes da venda dun terreno propiedade da empresa, 12.500.

Pídese: a) Ordear adecuadamente as contas anteriores distinguindo entre ingresos e gastos e calcular os resultados de explotación (1pto.); b) Determinar os resultados ordinarios e extraordinarios (1pto.); c) Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 35%) (0,5ptos.).

### SETEMBRO 2005

6.- Unha empresa presenta os seguintes elementos patrimoniais a 31-12-.2004 (valores en euros): Maquinaria 20.000; Mercadorías 2.000; Clientes 5.000; Préstamos a longo prazo 5.000; Reservas 1.000; Bancos 1.000; Provedores 8.000; Provedores, efectos comerciais a pagar 5.000.

Pídese: a) Elaborar o balance de situación agrupando as contas en masas patrimoniais e calcular o importe da conta de capital (1 pto). b) Tendo a seguinte información:  $T = \text{dispoñible/esixible a curto prazo}$ ;  $L = (\text{dispoñible} + \text{realizable} + \text{existencias}) / \text{pasivo circulante}$ ;  $E = \text{activo real/esixible total}$ , calcular as ratios de Tesourería, Liquidez e Garantía (1 pto). c) Interpretar os resultados alcanzados en cada caso comentando a situación financeira desta empresa (0,5 pts)

### XUÑO 2006

7.- Partindo da seguinte información contable correspondente a unha empresa produtora de electrodomésticos (as cifras están expresadas en euros): Compra de mercadorías: 15.000, Soldos e salarios: 2.500, Perdas procedentes da venda de inmovilizado material: 20.000, Ingresos extraordinarios: 12.500, Ingresos derivados dos rendementos de activos financeiros: 600, Venda de mercadorías: 50.000, Ingresos por arrendamentos: 1.250, Intereses de débedas: 100.....

Pídese: a) Determinar o resultado de explotación. (1 pto.). b) Determinar os resultados ordinarios. (1 pto.). c) Elaborar a conta de perdas e ganancias e obter os beneficios antes de impostos. (0,5 pts.).

7.- A empresa LUCK S.A presenta a 31 de decembro os seguintes elementos patrimoniais (valorados en unidades monetarias): Instalacións (100.000), Mobiliario (40.000), Reservas (20.000), Mercadorías (20.000), Débedas a longo prazo (100.000), Clientes (20.000), Bancos c/c (5.000), Provedores (40.000).

Pídese: a) Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais e determinar o valor do capital social. (1 pto.). b) Calcular as ratios Liquidez total e Garantía e interpretar os resultados acadados en cada caso. [RL= (activo circulante)/(pasivo circulante); RG= (activo real)/(esixible total)] (1 pto.). c) ¿Consideras necesario mellorar a situación financeira desta empresa? ¿Por que? (0,5 ptos.).

## SETEMBRO 2006

6.- Unha empresa cooperativa formada por 10 socios presenta os seguintes elementos patrimoniais a 31-12-2005 (valores en u.m.): Caixa 25.000; Existencias 125.000; Clientes 250.000; Provedores 530.000; Construcións 1.750.000; Maquinaria 2.600.000; Débedas a longo prazo 2.000.000; Efectos comerciais que debe pagar 350.000; Efectos comerciais que debe cobrar 137.000; Reservas 675.000.

Pídese: a) Calcular o valor do Fondo social e o valor das achegas a dito Fondo social de cada socio, supoñendo que os socios realizan a mesma achega. (1 pto). b) Calcular as ratios de liquidez [(Dispoñible + Realizable) / Pasivo circulante ] e de garantía (activo real / esixible total) (1 pto.). c) Interpretar os resultados obtidos no calculo das ratios. (0,5 ptos.)

## XUÑO 2007

2. - Os datos dunha empresa correspondentes aos exercicios 2004 e 2005 son os seguintes (en euros):

	Edificios	Capital	Mercadorías	Débedas a longo prazo	Clientes	Vehículos	Débedas a curto prazo	Bancosc/c	Caixa
2004	80.180	104.580	24.600	21.000	16.000	11.000	24.000	10.800	7.000
2005	100.000	104.580	39800	12.000	12.450	23.760	73.630	14.000	200

Pídese:

- Agrupar o balance por masas patrimoniais. (1 pto.)
- Calcular o fondo de manobra. (1 pto.)
- Comentar a evolución desta empresa dende o punto de vista financeiro. (0,5 ptos.)

2. - A empresa POLOSUR S.A. presenta a 31 de decembro de 2005, os seguintes saldos para as contas que afectan aos resultados (expresados en unidades monetarias):

Compras de mercadorías: 123.000

Vendas de mercadorías: 80.000

Salarios de persoal: 95.000

Intereses cobrados dunha conta corrente: 114.000

Gastos de teléfono: 11.000

Gastos de luz: 11.500

Intereses pagados ao banco por un préstamo: 117.000

Perdas procedentes da venda dun vehículo propiedade da empresa: 20.000

Pídese:

- Ordenar as contas anteriores distinguindo entre ingresos e gastos e calcular os resultados de explotación. (1 pto.)
- Determinar os resultados ordinarios e extraordinarios. (1 pto.)
- Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 35%). (0,5 ptos.)

## SETEMBRO 2007

1.- Os elementos patrimoniais dunha empresa valorados en euros, son os seguintes:

- Provedores: 44.000
- Clientes: 23.200
- Débedas a longo prazo con entidades de crédito: 4.000
- Mercadorías: 14.500
- Reservas: 8.200
- Amortización acumulada do inmovilizado material: 5.000
- Equipos para procesos de información (ordenadores): 3.500
- Capital social: ¿?
- Construcións: 40.000
- Terreos e bens naturais: 20.000
- Bancos c/c: 5.000

Tendo en conta esta información, pídesese:

- a) Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais e calcular o saldo da conta capital social. (1 pto.)
- b) Calcular o fondo de manobra da empresa e comentar o resultado (1 pto.)
- c) ¿Que tipo de equilibrio ou desequilibrio presenta esta empresa? Razoa a resposta (0,5 ptos.)

## XUÑO 2008

1.- A empresa MOVILES S.A. ten os seguintes elementos patrimoniais a 31-12-2007 (valorados en unidades monetarias):

Elementos de transporte: 40.000

Terreos: 60.000

Amortización acumulada das construcións ata a data: 5.000

Débedas a curto prazo: 4.000

Débedas a longo prazo: 10.000

Mobiliario: 2.000

Edificios: 24.500

Provedores: 4.000

Clientes: 5.500

Mercadorías: 15.000

Capital: 99.500

Reservas: 27.000

Bancos: 2.500

Pídesese:

- a) Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais. (1 pto.)
- b) Calcular as ratios de Tesouraría, Liquidez e Garantía [ $T = (\text{dispoñible} + \text{realizable}) / \text{esixible a curto prazo}$ ;  $L = (\text{dispoñible} + \text{realizable} + \text{existencias}) / \text{pasivo circulante}$ ;  $G = \text{activo real} / \text{esixible total}$ ] (1 pto.)
- c) Interpretar os resultados do apartado anterior. (0,5 ptos.)

## SETEMBRO 2008

1. - A sociedade TEMPO SA presenta a seguinte información correspondente aos exercicios 2006 e 2007 (en euros):

	Bancosc/c	Construcións	Débedas a curto prazo	Maquinaria	Provedores	Clientes	Mercadorías	Débedas a longo prazo
2006	30000	180000	45000	14000	22000	45000	70000	60000
2007	51000	140000	45000	14000	26000	60000	68000	70000

Pídese:

- Clasifica o balance en masas patrimoniais e calcula a cifra de capital para cada un dos exercicios. (1pto.)
- Calcula as ratios de liquidez e endebedamento para cada exercicio [RL = activo circulante/ esixible a curto prazo; RE = esixible total/fondos propios]. (1 pto.)
- Comenta a evolución da situación financeira da empresa a partir dos resultados obtidos das ratios anteriores. (0,5 ptos.)

### XUÑO 2009

1.-Tendo en conta o balance ó final de exercicio destas dúas empresas (valores expresados en euros):

	EMPRESA	EMPRESA B
Inmobilizado material	300000	150000
Existencias	18000	1000
Clientes	0	2000
Caixa	15000	800
Débedas a longo prazo	60000	7800
Débedas a curto prazo	28000	26000

Pídese:

- Calcular o valor dos Fondos Propios e do Fondo de Manobra en ambos os dous casos. (1 pto.)
- ¿Cal das dúas empresas ten unha mellor situación financeira? Razona a resposta. (1 pto.)
- Propón algún tipo de medida que podería adoptar a empresa coa situación financeira máis desfavorable. (0,5 ptos.)

2.- As contas que afectan aos resultados dunha empresa presentan os seguintes saldos ao 31 de decembro de 2008 (expresados en euros):

- Compras de mercadorías: 230.000 - Ventas de mercadorías: 900.500
- Amortizacións do inmovilizado: 12.000 - Soldos e salarios: 200.000
- Gastos de publicidade: 12.000 - Cobramento de dividendos das accións que posúe a empresa: 13.500
- Xuros de débedas: 5.000

Pídese:

- Elaborar a conta de perdas e ganancias e calcular os resultados de explotación. (1 pto.)
- Determinar os resultados financeiros. (1 pto.)
  - Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 30%). (0,5 ptos.)

### SETEMBRO 2009

1. - LAPTOP S.A. é unha empresa fabricante de ordenadores portátiles que proporcionou, no último exercicio, a seguinte información no seu balance (os valores están expresados en euros):

Reservas: 700.000  
Débedas a longo prazo: 1.000.000  
Propiedade industrial: 100.000  
Efectos a pagar a longo prazo: 100.000  
Provedores: 800.000  
Inmobilizado material: 1.700.000  
Tesourería: 400.000  
Existencias: 800.000  
Investimentos financeiros temporais: 1.000.000  
Resultado do exercicio: 100.000

Pídese:

- a) Agrupar o balance en masas patrimoniais e determinar o valor do capital social. (1 pto.)
- b) Calcular o fondo de manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- c) Calcular a rendibilidade económica e interpretar o resultado. (0,5 pto.)

### XUÑO 2010

Tomando como referencia as cifras de ingresos e gastos da sociedade anónima PAU S.A. correspondentes ao último exercicio económico (valores expresados en euros):

Vendas 600.000	Intereses por desconto de efectos 4.000
Ingresos por alugamentos 5.000	Primas de seguros 1.000
Gastos de transporte 100.000	Soldos e salarios 140.000
Cobramento de dividendos 3.000	Amortización do inmovilizado 30.000
Compras de mercadorías 200.000	Reparacións e conservación 2.000

Tendo en conta, ademais, que o tipo impositivo ao que están sometidos os beneficios desta empresa é o 30%, pídese:

- 3.1.- Determinar o resultado de explotación. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular os resultados financeiros. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular o resultado despois de impostos. (0,5 pto.)

**A empresa GIVINSA, dedicada ó negocio de embotellamento e distribución de cervexa, presentaba a 31 de decembro do último exercicio económico a seguinte situación patrimonial (valores en miles de euros):**

Diñeiro en caixa 20	Provedores 30
Maquinaria de embotellamento 150	Débedas a longo prazo 100
Local comercial 300	Existencias 40
Cientes 10	Efectos a pagar a curto prazo 12
Diñeiro en bancos 70	Vehículo de reparto 35

Pídese:

- 3.1.- Elaborar o balance estruturado en masas patrimoniais e calcular o valor do capital social. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o Fondo de manobra por dúas vías diferentes. (1 pto.)
- 3.3.- Interpretar o resultado obtido no apartado anterior. (0,5 pto.)

### SETEMBRO 2010

A sociedade PAU S.A. presenta a seguinte información correspondente aos exercicios 2007 e 2008 (en euros):

	Caixa	Mobiliario	Efectos a pagar a curto prazo	Elementos de transporte	Provedores	Cientes	Materias primas	Débedas con entidades de crédito a longo prazo
2007	51000	100000	30000	14000	25000	50000	50000	70000
2008	30000	120000	55000	24000	75000	45000	40000	80000

Pídese:

- 3.1.- Clasificar o balance en masas patrimoniais e calcular a cifra de capital para cada un dos exercicios. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular as ratios de liquidez ( $RL = \text{activo corrente} / \text{pasivo corrente}$ ) e de garantía [ $RG = \text{activo} / (\text{pasivo corrente} + \text{pasivo non corrente})$ ] para cada exercicio. (1 pto.)
- 3.3.- Comentar a evolución da situación financeira da empresa a partir dos resultados obtidos no apartado anterior. (0,5 pto.)

## XUÑO 2011

**Tendo en conta os seguintes elementos patrimoniais (valores expresados en euros):**

Construcións.....	50.000	Patentes.....	1.000
Mobiliario.....	10.000	Débedas a curto prazo....	4.500
Provedores.....	2.500	Existencias.....	10.500
Clients.....	4.500	Débedas a longo prazo...	10.500
Caixa.....	500	Bancos.....	2.000
Ordenadores.....	1.500	Resultados do exercicio	+2.500
Reservas.....	15.000		

Pídese:

- 4.1.- Organizar o balance en masas patrimoniais e calcular o valor do capital social. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o Fondo de Manobra, a ratio de liquidez ou solvencia a curto prazo (Activo Corrente/ Pasivo Corrente) e a ratio de endebedamento a longo prazo [(Pasivo Corrente + Pasivo non Corrente)/Fondos propios]. (1 pto.)
- 4.3.- Comentar os resultados obtidos no apartado anterior. (0,5 ptos.)

## SETEMBRO 2011

**A empresa LUCK S.A. presenta a seguinte información correspondente ao Balance Final do último exercicio (cifras expresadas en euros):**

Préstamos a longo prazo: 20.000 Clients: 15.000 Mercadorías: 30.000 Bancos: 10.000 Mobiliario: 15.000  
Capital: 30.000 Provedores: 8.000 Ordenadores: 2.000 Resultado exercicio: ¿? Amortización acumulada do inmovilizado material : 4.000 Caixa: 3.000

Pídese:

- 3.1. - Elaborar o Balance ordenado en masas patrimoniais e calcular o resultado do exercicio. (1 pto.)
- 3.2. - Calcular o Fondo de manobra e comentar o resultado. (1 pto.)
- 3.3. - Calcular a ratio de autonomía financeira [recursos propios/(pasivo corrente + pasivo non corrente)] (0,5 ptos.)

**A empresa EMPRENDE S.A. presenta os seguintes datos de ingresos e gastos na súa contabilidade, correspondentes ao último exercicio económico (cifras expresadas en euros):**

Compra de mercadorías: 300.000	Saldos do persoal: 90.000
Intereses dunha conta corrente: 1.000	Intereses pagados por un préstamo a curto prazo: 10.000
Ingresos por vendas: 500.000	Cotas empresariais á seguridade social: 30.000
Publicidade: 9.000	Amortización do inmovilizado material: 24.000
Subministracións (auga e luz): 3.000	

Ademais, sábese que unha inundación destruíu equipos informáticos por valor de 15.000 euros, que os recursos propios da empresa ascenden a 60.000 euros, que o valor do Activo Total é de 360.000 euros e que a empresa paga en concepto de Imposto de Sociedades o 30% dos seus beneficios.

Pídese:

- 4.1. - Determinar o resultado de explotación e os resultados financeiros da empresa. (1 pto.)
- 4.2. - Calcular a rendibilidade financeira correspondente ao exercicio. (1 pto.)
- 4.3. - Explicar brevemente o significado do resultado obtido no apartado anterior. (0,5 ptos.)

## XUÑO 2012

### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa presenta, a 31 de decembro do exercicio, a seguinte información do seu patrimonio (valores expresados en euros):

- Terreos: 100.000
- Débedas a longo prazo: 60.000
- Reservas: 70.000
- Caixa: 10.000
- Construcións: 150.000
- Maquinaria: 70.000
- Amortización acumulada do inmovilizado material: 20.000
- Mercadorías: 30.000
- Acredores a curto prazo: 50.000
- Provedores: 80.000
- Bancos: 20.000
- Clientes: 120.000

#### Pídese:

- 3.1.- Ordenar o balance por masas patrimoniais e determinar o valor do capital social. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular as ratios de liquidez ou solvencia a curto prazo [ $L = (\text{Activo Corrente} / \text{Pasivo Corrente})$ ] e de garantía ou solvencia total [ $G = \text{Activo} / (\text{Pasivo Corrente} + \text{Pasivo non Corrente})$ ]. (1 pto.)
- 3.3.- Comentar brevemente os resultados obtidos no apartado anterior. (0,5 ptos.)

## SETEMBRO 2012

### 4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A empresa INVER S.A. presenta a seguinte información correspondente á data de peche do último exercicio económico (valores expresados en euros):

- Compra de mercadorías: 40.000
- Gastos financeiros: 20.000
- Venda de mercadorías: 240.000
- Reparacións e conservación: 25.000
- Amortizacións: 55.000
- Gastos de persoal: 30.000

A partir dos datos do Balance sábese que o valor total do activo ascende a 900.000 euros e os Fondos propios a 600.000 euros. Tendo en conta que o tipo impositivo, para o cálculo do imposto de sociedades, é do 30%,

#### Pídese:

- 4.1.- Ordenar a conta de Perdas e Ganancias cos distintos niveis de resultados. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular a rendibilidade financeira. (1 pto.)
- 4.3.- Explicar o significado do resultado do apartado anterior. (0,5 ptos).

### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A empresa ABC S.A. presentaba a 31 de decembro do último exercicio económico a seguinte situación patrimonial (valores en miles de euros):

- Propiedade Industrial: 90
- Débedas a longo prazo: 160
- Efectivo en caixa: 30
- Investimentos financeiros a longo prazo: 60
- Débedas a curto prazo: 110
- Maquinaria: 200
- Existencias: 150
- Provedores: 130
- Clientes: 110
- Efectos a pagar a curto prazo: 140

**Pídese:**

- 3.1.- Elaborar o Balance estruturado en masas patrimoniais e calcular o valor do patrimonio neto. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o fondo de manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular a ratio de autonomía financeira [ $\text{patrimonio neto} / (\text{pasivo} + \text{patrimonio neto})$ ] e interpretar o resultado. (0,5 pts.)

**XUÑO 2013**

**3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

A información relativa aos ingresos e gastos dunha empresa hipotética ao longo do último exercicio son os que figuran a continuación (valores expresados en euros):

Vendas: 1.315.000; Seguridade Social a cargo da empresa: 72.000; Intereses por desconto de efectos: 23.000; Consumo de mercadorías: 603.000; Alugueiros: 20.000; Soldos e salarios: 257.000; Reparacións e conservación: 5.000; Subministracións: 10.000, Publicidade: 5.000; Primas de seguros: 2.000; Transportes: 15.000, Amortización do inmovilizado: 80.000, Dividendos de accións: 5.000, Intereses pagados por débedas: 70.000, Rendementos de activos de renda fixa: 2.000; Perdas derivadas de venda de elementos do inmovilizado: 69.000; Imposto sobre beneficios: 31.000.

Pídese:

- 3.1.-Determinar o resultado de explotación. (1 pto.)
- 3.2.-Calcular o resultado financeiro. (1 pto.)
- 3.3.-Determinar o resultado do exercicio despois de impostos.(0,5 pts.)

**XUÑO 2013**

**3.Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

No balance dunha empresa hipotética correspondente ao último exercicio económico figura a seguinte información (valores expresados en euros):

Inmovilizado material: 625.000; Existencias: 82.500; Amortización acumulada do inmovilizado material: 167.500; Clientes: 40.000; Caixa: 17.500; Prestamos bancarios a longo prazo: 242.500; Inversións financeiras a longo prazo: 97.500; Provedores: 62.500; Reservas: 102.500.

Pídese:

- 3.1.-Ordenar o balance por masas patrimoniais e determinar o valor dos fondos propios. (1 pto.)
- 3.2.-Obter o valor do Fondo de manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.-Calcular o Ratio de liquidez ( $RS = \text{Activo corrente} / \text{Pasivo corrente}$ ) e o ratio de endebedamento [ $RE = \text{Pasivo} / (\text{patrimonio neto} + \text{pasivo})$ ]. (0,5 pts.)

**XUÑO 2013**

**3, Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

A información relativa aos ingresos e gastos dunha empresa hipotética ao longo do último exercicio son os que figuran a continuación (valores expresados en euros):

Vendas: 1.315.000; Seguridade Social a cargo da empresa: 72.000; Intereses por desconto de efectos: 23.000; Consumo de mercadorías: 603.000; Alugueiros: 20.000; Soldos e salarios: 257.000; Reparacións e conservación: 5.000; Subministracións: 10.000, Publicidade: 5.000; Primas de seguros: 2.000; Transportes: 15.000, Amortización do inmovilizado: 80.000, Dividendos de accións: 5.000, Intereses pagados por débedas: 70.000, Rendementos de activos de renda fixa: 2.000; Perdas derivadas de venda de elementos do inmovilizado: 69.000; Imposto sobre beneficios: 31.000.

Pídese:

- 3.1.-Determinar o resultado de explotación. (1 pto.)
- 3.2.-Calcular o resultado financeiro. (1 pto.)
- 3.3.-Determinar o resultado do exercicio despois de impostos.(0,5 pts.)

## SETEMBRO 2013

### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Supermercados MARKETALIS.A. é unha cadea de vendas ao por menor de produtos alimenticios cuxo balance referido ao último exercicio inclúe a seguinte información (valores expresados en euros):

Provedores: 11.243.879; Locais comerciais: 5.965.765; Existencias de mercadorías: 11.732.143, Acredores: 1.053.961; Mobiliario: 2.000.000; Maquinaria: 2.987.173; Elementos de transporte: 3.622.000, Clientes: 2.109.000; Caixa: 1.000; Préstamos bancarios a curto prazo: 8.496.157; Equipamento informático (ordenadores, impresoras, etc.): 1.050.000.

Pídese:

3.1.-Agrupar o balance por masas patrimoniais e determinar o valor do patrimonio neto. (1 pto.)

3.2.-Determinar o ratio de liquidez ( $RL = \text{Activo corrente} / \text{Pasivo corrente}$ ) e o ratio de endebedamento [ $RE = \text{Pasivo} / (\text{Patrimonio neto} + \text{Pasivo})$ ]. (1 pto.)

3.3.-Comenta os resultados obtidos no apartado anterior facendo referencia a posibles problemas de liquidez e de solvencia. (0,5 ptos.)

## XUÑO 2014

### 4. -Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa presenta as seguintes partidas no seu balance final do último exercicio económico (valores en euros):

Elementos de inmovilizado material: 300.000; existencias: 30.000; préstamos recibidos a devolver en 9 anos: 76.500; saldo en contas correntes: 10.000; préstamo recibido dunha entidade de crédito a devolver en 6 meses: 12.500; dereitos de cobramento sobre clientes: 4.000; patentes: 25.000.

Pídese:

4.1.-Confeccionar o balance agrupándoo en masas patrimoniais e determinar o valor do capital social. (1 pto.)

4.2.-Calcular o fondo de manobra por dúas vías distintas e comentar ambas as dúas. (1 pto.)

4.3.-Calcular o ratio de garantía [ $G = \text{activototal} / (\text{pasivocorrente} + \text{pasivo non corrente})$ ] e comentar o resultado. (0,5 ptos.)

## SETEMBRO 2014

### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A partir do seguinte balance de situación dunha empresa (cifras expresadas en euros)

Terreo: 80.000	Construcións: 120.000	Clientes: 40.000
Maquinaria: 12.000	Mobiliario: 8.000	Bancos, c/c: 24.000
Débedas a longo prazo: 120.000	Débedas a curto prazo: 8.000	
Provedores: 16.000	Mercadorías: 80.000	

Pídese:

3.1.-Clasificar o balance en masas patrimoniais e calcular o valor dos fondos propios. (1 pto.)

3.2.-Calcular o fondo de manobra desta empresa e interpretar o resultado obtido. (1 pto.)

3.3.-Determinar a rendibilidade económica e financeira obtida pola empresa, tendo en conta a seguinte información adicional: a empresa no último exercicio obtivo un beneficio antes de intereses e de impostos de 12.000 euros, os pagamentos realizados en concepto de intereses ascenderon a 7.800 euros e os impostos supuxeron 1.200 euros (0,5 ptos.)

## XUÑO 2015

### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

O balance dunha empresa hipotética referido ao último exercicio económico inclúe a seguinte información (valores expresados en euros):

Bancos c/c: 220.000, Efectos comerciais a pagar a curto prazo: 215.000, Inmovilizado material: 1.500.000, Provedores: 160.000, Clientes: 230.000, Débedas con entidades de crédito a longo prazo: 425.000, Acredores a curto prazo: 140.000, Reservas: 210.000, Existencias: 400.000.

Pídese:

- 3.1.-Agrupar o balance por masas patrimoniais e calcular o valor do capital social. (1 pto.)
- 3.2.-Calcular o valor do fondo de manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.-Calcular a ratio de garantía:  $[RG = \text{Activo} / (\text{Pasivo corrente} + \text{Pasivo non corrente})]$  e comentar o resultado. (0,5 ptos.)

## SETEMBRO 2015

### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A información patrimonial dunha empresa ao finalizar o exercicio é a seguinte (en euros):

Inmovilizado material: 98.000	Amortización acumulada do inmovilizado: 6.000
Resultado do exercicio: 25.000	Provedores: 23.000
Caixa: 1.000	Efectos comerciais a cobrar: 4.000
Existencias: 5.000	Reservas: 9.000.
Débedas a longo prazo: 25.000	Cientes: 5.000

Pídese:

- 3.1.-Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais e calcular a cifra de capital. (1 pto.)
- 3.2.-Calcular o Fondo de Manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.-Calcular a ratio de autonomía financeira  $[R = \text{recursos propios} / (\text{Pasivo corrente} + \text{pasivo non corrente})]$  (0, 5 ptos.)